



DEPUTACIÓN OURENSE
PRESIDENCIA

Copia

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
23 NOV. 2016	
N.º ENTRADA	N.º SAIDA 16735

En contestación á petición de data 18 de outubro con nº de rexistro 30732 referida ao proxecto "Raia Termal.", indícolle que o pasado 30 de marzo de 2015 a Deputación de Ourense, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) os concellos de Bande, Cortegada, Lobios e Muíños, e as cámaras portuguesas de Melgaço e Terras do Bouro asinaron un protocolo para impulsar o proxecto internacional "A raia termal", ligado ao termalismo e a protección dos espazos fluviais do Miño e Limia.

Esta iniciativa transfronteiriza pretende protexer o patrimonio natural vinculado aos recursos termais de Ourense e dos territorios portugueses fronteirizos coa nosa provincia, polos que discorren os ríos Miño e Limia.

As entidades públicas mencionadas formalizaron unha candidatura e a presentaron en prazo ao Programa de Cooperación Transfronteiriza entre España e Portugal - INTERRG V A- que prevé apoiar proxectos transfronteirizos durante o período 2015-2020, convocatoria que a día de hoxe está pendente de resolución.

No caso de que o proxecto fose aprobado preténdese desenvolver actuacións acorde as cofinanciáveis no marco da convocatoria como a protección e conservación de espazos naturais fluviais fronteirizos do Miño e do Limia; a mellora da calidade das súas augas; a creación dunha rede que fomente a vertebración dos recursos termais transfronteirizos raianos de Ourense e do Norte de Portugal cara á súa valorización, e a promoción de itinerarios e produtos turísticos baseados nos recursos termais e naturais do espazo transfronteirizo do Miño e do Limia, todos eles no contexto dos eixos financiáveis e que no caso de ser aprobados serán obxecto de desenvolvemento a través dos oportunos proxectos técnicos.

Ourense, 22 de novembro de 2016

O PRESIDENTE



Jose Manuel Baltar Blanco

ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ, deputada provincial do Grupo PSdeG-PSOE.

Grupo PSdeG-PSOE.- Deputación Provincial de Ourense.